



## CONVENIOS SUSCRITOS CA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ANO 2016

### **Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e ASPADEZA para levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención ás persoas con discapacidade psíquica no Concello de Lalín**

#### **Partes firmantes:**

- Concello de Lalín
- ASPADEZA

#### **Obrigas:**

"Este convenio servirá para desenvolver un programa de actuacións do centro ocupacional de ASPADEZA en colaboración co Concello de Lalín, que consistirán en:

1. Mantemento das instalacións do propio centro
2. Tarefas de limpeza de oitenta e unha xardineiras municipais ubicadas nas rúas Ponte, principal, Xoaquín Loriga, Colón, Praza da Igrexa, Praza do Concello e Calvo Sotelo.
3. Colaboracións puntuais no desván municipal
4. Colaboracións puntuais na sinalización dos roteiros municipais

Estas actuacións teñen como finalidade promover a integración do colectivo obxecto de intervención, realizando, por unha banda, mantemento das instalacións do centro e, por outra, actividades externas para a súa integración social en ámbitos fora do centro formativo, configurándose como programas prácticos do centro ocupacional, que contará coa supervisión directa dun/ha monitor/a do propio centro, así como do apoio dun/ha traballador/a social de ASPADEZA.

Para a realización das actuacións sinaladas o Concello de Lalín achegará ó no ano 2016 a cantidade de 7.000€ do orzamento municipal, así como a colaboración co persoal técnico da Concellería de Benestar e Emigración, se fose necesario.

ASPADEZA obrígase a:

- Facer constar en todo tipo de publicidade información que realice en desenvolvemento dese programa, a participación do Concello no referente ao seguimento das actividades obxecto de axuda.
- Cumprimento dos programas para os que se concede a subvención
- Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello no referente ao seguimento das actividades obxecto de axuda.



Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Lalín e/ou pola Concellería de Benestar e Emigración, polo Tribunal de Contas do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.”

**Prazo de vixencia:**

Do 1 de xaneiro ó 15 de decembro de 2016.